





# Pepe Agrelo, mestre amigo

Xosé Manuel Beiras

**T**íña un perfil tan nidio, galano e lanzal no feitío do seu rostro coma no do seu Aesprito. A testa sempre ergueita, proxeitada adiante, nun engaiolante aceno inquisitivo en procura de empatía e ofrenda de apoio solidário. O entusiasmo por compartir valores, arelas e combates no horizonte da utopía que deramos en chamar Galiza, tan diáfana e curvilínea coma o lombo do mar na boca da ría nun solpor de outono. Tan ao noso alcanzo tamén, coidabamos nós, impenitentes optimistas da vontade.

Pepe Agrelo, nas miñas lembranzas, emerxe asociado decote a unha lembranza punxente e dúas reminiscencias entrañabeis. A lembranza punxente de Antón Avilés, claro está. E as reminiscencias entrañabeis do meu mestre Pereira e do padre Seixas. Hoxe, malpocados de nós, Pepe Agrelo é lembranza punxente tamén íl, e é tamén íl reminiscencia entrañábel. Dícíalle eu hai pouco a alguén, ou escribíallo se cadra, que co paso dos anos ún vai facendo camiño na compañía de cada vez máis pantasmas amigas. Unha compañía amantiña, que aquece e acouga, coa que se poden botar paliques fascinantes, mesmo ás veces dun xeito que non se puidera conversar denantes, porque os amigos que retornan á nosa memoria falanos de ideas e emocións coa plenitude da luci-

dez e a serenidade nas palabras -e dá gloria escoitalos.

A lembranza de Agrelo asociada á de Avilés, dícíavos. Irmanada, diríavos millor. Porque irmáns viñan ser, ao cabo, por irmáns se tiñan, como irmáns se querían e de irmáns se trataban, coma os vellos nacionalistas galegos doutroa, os que eran guieiros nosos, modelo a imitar para a nosa xeración, a de Pepe e Antón e de min tamén. Sempre estaban presentes nas nosas conversas, mesmo tácitamente cando non mentabamos os seus nomes, na tasca da casa gótica, viño branco e luras fritidas encol da mesa, e veña a parolar a treu, maiormente iles dous, que eran grandes conversadores, máis fabulador o Antón, máis debullador o Pepe, e eu maiormente a escoitalos, como quen mergulla ao pé dunha fervenza, que tal era o frescor que eu sentía deixándome embrullar no son das súas palabras.

E as reminiscencias do meu mestre Pereira e máis do padre Seixas, dícíavos tamén. Xaime Seixas Subirá, crego nacionalista, dos poucos, xa sabedes, compañeiro de xogos do meu tío Antón, e logo de mocidade nos "Ultreias", e despois cura obreiro en Latinoamérica e máis tarde en Vigo, con máis fé na Galiza ca en nindíós, que sempre saudaba cun "os tempos son chegados" inmune a calquer grao de desespran-



za por minúsculo que fose. E Xesús Pereira Vilariño, o meu mestre Pereira, noiés pola súa nai, a dona Aurora da compostelán "Flor Noíesa", mestre republicán represaliado, mestre socrático onde os houber, inmune a calquer asomo de xenreira ou rancor. Ben comprendedes agora porque os asocia o meu maxín con Pepe Agrelo nas miñas vivencias e lembranzas.

Xosé Agrelo Hermo, mestre amigo, da caste dos bós e xenerosos, dos que levan na fronte unha estrela e no bico un cantar, sí, compredicilo, compre reiteralo, compre reafirmalo, compre proclamalo. Pepe Agrelo, mestre amigo, estás ante nós, na nosa compañía, brindamos contigo e por tí, brindamos pola nosa perene irmandade. ♦